



ACTA XUNTA DE GOBERNO

SESIÓN ORDINARIA DE VINTE E UN DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres/as. Deputados/as:

D. Efrén Castro Caloto

D. Pablo Rivera Capón
D. Miguel Fernández Méndez
D. Xosé María Arias Fernández
D. Iván Castro Díaz
D^a. Iria Castro Fernández

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **vinte e un de febreiro de dous mil vinte e cinco**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados/as na marxe relacionados/as, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario o titular da Corporación don José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten a señora deputada dona M^a. del Pilar García Porto e don Carlos López López.

	IV7SUO7ICBU67SVCUU4GGMCFMI	Fecha y Hora	28/02/2025 12:46:32
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SUO7ICBU67SVCUU4GGMCFMI	Página	1/74



1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA CATORCE DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día catorce de febreiro de dous mil vinte e cinco que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO PATROCINIO DO EVENTO DEPORTIVO CICLISMO “O GRAN CAMIÑO”, ANUALIDADE 2025.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 14 de febreiro de 2025, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“*Antecedentes.*”

1. Memoria xustificativa, elaborada polo Servizo de Deportes, con CSV: IV7VZXZ3PVU6UW562UIVOYS7EE¹.
2. Prego de prescricións técnicas elaborado pola Servizo de Deportes, con CSV: IV7VZXZ2CD433LO6WEXTGQ2UGY.
3. Informe de Intervención de consignación orzamentaria, con CSV: IV7BQ2RTDZPKUVHPSMXUARBXMA.
4. Prego de cláusulas administrativas particulares, elaborado polo Servizo de Contratación e Fomento, con CSV: IV7V2GZZNBMPWP6SBHVMYJGAQ.
5. Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7V2DQPZZNYZDJC6MMBIYAUII.
6. Informe de fiscalización/ intervención previa limitada del expediente, con CSV: IV7V2KRJBI42XG5DQ77MN4PXMM.
7. Proposta de Presidencia, con CSV: IV7V2K7DED5JXBNT4JHTO72UCU.
8. Acordo da Xunta de Goberno de data 24 de xaneiro de 2025, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7V3XR5BYZ252NZSMIE6H2EMA.
9. Convite cursado a través da Plataforma de Contratación do Sector Público o día 24 de xaneiro de 2025.
10. Acta da Mesa de Contratación do día 28 de xaneiro de 2025, con CSV: IV7VETTNLN4LJC56CZ6EOILRAI, na que se recolle o seguinte:

¹ Os códigos seguros de validación resultan accesibles na sede electrónica na dirección web: <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

	IV7SUO7ICBU67SVCUU4GGMCFMI	Fecha y Hora	28/02/2025 12:46:32
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SUO7ICBU67SVCUU4GGMCFMI	Página	2/74





“(…) Deuse conta que, segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, o licitador convidado a este procedemento e que presentou a ofertaé Eze Mosquera Events S.L.

Infórmase aos membros da Mesa de Contratación, que a documentación administrativa (Anexo I) presentada polo licitador consta correcta tanto en forma coma en prazo, polo que a Mesa de Contratación acorda admitir a proposta ao proceso de adxudicación e proceder á apertura do sobre relativo á fase 1: Criterios de adxudicación avaliados mediante fórmulas matemáticas ou avaliados de forma automática.

Acto seguido procédese ao exame do Anexo II (modelo de proposición económica con criterios avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas), resultando que o único licitador concorrente oferta ao tipo de licitación, polo que obtén 0 puntos nesta fase.

A mesa de contratación acorda iniciar a fase de negociación (fase 2), de acordo co previsto no PCAP, facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para cursar o pertinente convite a Eze Mosquera Events S.L.. Na rolda de negociación, o licitador deberá presenta a través da plataforma de contratos do sector público ou, de non ser posible, por sede electrónica da Deputación de Lugo no prazo máximo de dous días naturais, contados a partir do día seguinte a aquel no que se curse o convite, a documentación obxecto de negociación (Anexo II bis, do PCAP).”

11. Acta da Mesa de contratación do día 31 de xaneiro de 2025, con CSV: IV7VE6IPEBZ4JRPYBQQGB4DXJY, na que se recolle o seguinte:


(…) “Deuse conta que a mesa de contratación en sesións anteriores, acordou iniciar a Fase de Negociación (Fase 2) de acordo co previsto nas cláusulas 12 e 16 do PCAP, facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para cursar o pertinente convite.

Tendo en conta que o licitador presentou a súa proposta dentro do prazo concedido a tales efectos, a través da plataforma de contratación do sector público, procédese ao estudo da oferta relativa á segunda fase, resultando que o licitador se compromete a realizar – sen custo adicional para a Deputación Provincial de Lugo-tres actividades/visitas/charlas/conferencias conxuntas con entidades deportivas da disciplina ciclismo da provincia de Lugo, polo que acada 5 puntos neste criterio, atendendo ao disposto no PCAP.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación, acordou por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

1º.- Outorga ao licitador admitido a seguinte puntuación e clasificalo atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

	IV7SUO7ICBU67SVCUU4GGMCFMI	Fecha y Hora	28/02/2025 12:46:32
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SUO7ICBU67SVCUU4GGMCFMI	Página	3/74



LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
EZE MOSQUERA EVENTS S.L.	Fase I Oferta presentada: 120.000,00 € (IVE NON ENGADIDO): 0 puntos Fase II: 5 puntos TOTAL= Fase I +Fase II :0 puntos+ 5 puntos = 5 puntos

2º.- Requerir a Eze Mosquera Events S.L.U., para que dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva polo importe que se relaciona acto seguido, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

LICITADOR	IMPORTE GARANTÍA
EZE MOSQUERA EVENTS S.L.	6.000,00 €

(...)"

12. Resolución de Presidencia do día 31 de xaneiro de 2025, con CSV: IV7VE63DDJP5T276BU6EIHRWF4, de clasificación e requirimento de documentación do artigo 150.

13. Requimento de documentación, cursado a través da plataforma de contratación do sector público o día 03 de febreiro de 2025.

14. Documentación presentada pola empresa Eze Mosquera Events S.L.U. a través da plataforma de contratación do sector público o día 04 de febreiro de 2025.

15. Documentación presentada pola empresa Eze Mosquera Events S.L.U., a través da sede electrónica da Deputación de Lugo o día 07 de febreiro de 2025.

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, 14 de febreiro de 2025, aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que a licitadora presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público e da sede electrónica da Deputación de Lugo, en prazo, a documentación requirida pola Mesa na sesión precedente. Incorpórase ao expediente certificado da Recadación Provincial, carta de pago da garantía depositada e informe relativo á solvencia técnica.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

	IV7SUO7ICBU67SVCUU4GGMCFMI	Fecha y Hora	28/02/2025 12:46:32
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SUO7ICBU67SVCUU4GGMCFMI	Página	4/74





A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Eze Mosquera Events S.L.U. a contratación do patrocinio do evento deportivo ciclismo “O gran camiño”, anualidade 2025, expediente 2025/CON_02/000001, polo importe de 120.000,00 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 25.200,00 €, o que fai un total de 145.200,00 €.

O licitador, oferta, sen custe para a Deputación Provincial de Lugo, tres actividades/visitas/charlas/conferencias conxuntas con entidades deportivas da disciplina ciclismo da provincia de Lugo.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.(...)”

Vista a fiscalización previa de conformidade, propónse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á Eze Mosquera Events S.L.U. a contratación do patrocinio do evento deportivo ciclismo “O gran camiño”, anualidade 2025, expediente 2025/CON_02/000001, polo importe de 120.000,00 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 25.200,00 €, o que fai un total de 145.200,00 €.


O licitador, oferta, sen custe para a Deputación Provincial de Lugo, tres actividades/visitas/charlas/conferencias conxuntas con entidades deportivas da disciplina ciclismo da provincia de Lugo.

A duración do contrato exténdese ata o día 30 de xuño de 2025.

2º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

3º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar ao interesado a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP.

	IV7SUO7ICBU67SVCUU4GGMCFMI	Fecha y Hora	28/02/2025 12:46:32
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SUO7ICBU67SVCUU4GGMCFMI	Página	5/74



4º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo ao interesado.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE EMULSIÓN ASFÁLTICA C65B3 TRG (ASIMILABLE A ANTIGA ECR-2) DE ACORDO COA NORMA UNE-EN 13808:2013. 1ª MODIFICACIÓN JULIO 2014 PARA O PARQUE MÓBIL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 14 de febreiro de 2025, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“*Antecedentes.*

1. Proposta de Inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7VTSQIZDZYXOOQEIQKNPHEY.
2. Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7VTSQJMFDPDRW47UHVMIJA6AY.
3. Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7VTXD6HEB3JON76FV5GIPEC4.
4. Prego de cláusulas administrativas particulares, elaborado polo Servizo de Contratación e Fomento, con CSV: IV7V47LYDNNZWXVP2U6COIBU4U.
5. Informe da Secretaría Xeral, con CSV: IV7V47L6DDV35DWY4MI5EEBBMY.
6. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7V4C3OJYH5TPFN4VETI5QRIL.
7. Acordo de Xunta de Goberno do día 20 de decembro de 2024, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7V5XBOJIVO4WBJCJQMKBASCA.
8. Anuncio de licitación enviado ao Diario Oficial da Unión Europea o día 20 de decembro de 2024.
9. Anuncio de licitación e pregos, publicados na Plataforma de Contratación do Sector Público o día 22 e 23 de decembro de 2024.
10. Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación do Sector Público.
11. Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 22 de xaneiro de 2025, con CSV: IV7V2OCSBEZPZPHJSPVVEBCB6Q, na que se recolle o seguinte:

“Pola Presidencia dáse conta que, no Servizo de Contratación, con carácter previo á constitución da Mesa, de conformidade co texto único das instrucións de aplicación da Lei de Contratos do Sector Público, procedeuse á apertura dos sobres que conteñen a

	IV7SUO7ICBU67SVCUU4GGMCFMI	Fecha y Hora	28/02/2025 12:46:32
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SUO7ICBU67SVCUU4GGMCFMI	Página	6/74





declaración de cumprimento de requisitos previos dos licitadores concorrentes a esta licitación que, segundo os datos obrantes na plataforma de contratación do sector público, son os seguintes:

LICITADORES
PROBISA PRODUCTOS BITUMINOSOS S.L.U.
REPSOL LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES S.A.

Dada conta ao órgano de asistencia, a través da súa presidencia, de ditas actuacións previas, enterado este, e considerando que todas as empresas concorrentes presentaron dentro do prazo concedido a tales efectos as súas propostas, a Mesa de Contratación acorda admitir as ofertas presentadas por todos os licitadores, procedendo acto seguido á cualificación dos sobres electrónicos, co seguinte resultado: Os Anexos I presentados polas empresas axústanse aos requisitos recollidos no PCAP.

A continuación procédese á apertura dos sobres relativos aos criterios de adjudicación avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas, sendo a oferta a que se transcribe no cadro.

LICITADOR	PREZO TONELADA	EMPREGO FEMININO
PROBISA PRODUCTOS BITUMINOSOS SLU	483,00	>50
REPSOL LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES S.A.	487,00	<50

Unha vez realizada a comprobación de que ningunha das propostas está incurso en valores anormais ou desproporcionados en aplicación do establecido no artigo 149.2 da LCSP, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro do RXCAP, a Mesa de contratación calcula que as distancias da nave dos licitadores ao Parque Móbil, son as seguintes:


Probisa Productos Bituminosos S.L.U.: 6 qm.
Repsol Lubricantes y Especialidades S.A.: 13.60 qm.

Tendo en conta estas distancias á Mesa de Contratación acorda outorgar as seguintes puntuacións:

LICITADOR	VALORACIÓN PREZO TONELADA	VALORACIÓN EMPREGO FEMININO	VALORACIÓN TOTAL
PROBISA PRODUCTOS BITUMINOSOS SLU	93,50	5	98,50
REPSOL LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES S.A.	90,82	2,5	93,32

A Mesa de Contratación acorda dar traslado ao Enxeñeiro de Camiños, das distancias utilizadas para valorar as propostas, co obxecto de que informe sobre estas,

	IV7SUO7ICBU67SVCUU4GGMCFMI	Fecha y Hora	28/02/2025 12:46:32
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SUO7ICBU67SVCUU4GGMCFMI	Página	7/74



facultando ao Servizo de Contratación para que, en caso de coincidir as distancias coas calculadas pola mesa de contratación incorpore dito informe ao expediente e eleve ao órgano de contratación a seguinte proposta de Acordo:

Clasificar as ofertas admitidas atendendo á seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº DE ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN
1	PROBISA PRODUCTOS BITUMINOSOS SLU	98,50
2	REPSOL LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES S.A.	93,32

Requirir á empresa Probisa Productos Bituminosos SLU, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

IMPORTE DE ADXUDICACIÓN (orçamento de licitación sen IVE)	IMPORTE DA GARANTÍA 5%
625.000,00 €	31.250,00 €

(...).”

12. Resolución da Presidencia do día 31 de xaneiro de 2025, con CSV: IV7VE6AIOA476TFPQQYHD4JG6E, pola que se acepta a proposta da mesa de contratación, se clasifica aos licitadores, e se insta ó requirimento da documentación á que se refire o artigo 150 da LCSP aos mellor clasificados para cada lote.

13. Consta no expediente requirimento de documentación administrativa, cursado polo Servizo de Contratación e Fomento a través da Plataforma de Contratación do Sector Público o día 31 de xaneiro de 2025.

14. Documentación administrativa presentada a través da Plataforma de Contratación do Sector Público.

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que a licitadora presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación requirida pola Mesa na sesión precedente.

	IV7SUO7ICBU67SVCUU4GGMCFMI	Fecha y Hora	28/02/2025 12:46:32
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SUO7ICBU67SVCUU4GGMCFMI	Página	8/74





Incorpórase ao expediente bastanteo do poder do representante da empresa efectuado pola Asesoría Xurídica da Deputación de Lugo, informe do Parque Móbil relativo á solvencia técnica, e carta de pago da garantía depositada.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa á celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Probisa Productos Bituminosos, S.L.U. a contratación da subministración de emulsión asfáltica C65B3 TRG (asimilable a antiga ECR-2) de acordo coa norma UNE-EN 13808:2013. 1ª modificación julio 2014 para o Parque Móbil da Deputación provincial de Lugo. expediente: 2024/CON_02/000091, polo prezo unitario de 584,43 euros por tonelada, IVE incluído, e importe máximo total de 625.000,00 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 131.250,00 €, o que fai un total de 756.250,00 €. A duración do contrato é de seis meses, con posibilidade de prórroga por outros seis meses.

A planta de subministración máis cercana ao Parque Móbil ubícase en OVISA, San Martín de Guillar, s/nº. Outeiro de Rei. 27154 Lugo.

A porcentaxe de mulleres traballadoras na planta subministradora adscrita á execución do contrato é superior ao 50%.


Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.(...)”

Vista a fiscalización previa de conformidade, propónse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Probisa Productos Bituminosos, S.L.U. a contratación da subministración de emulsión asfáltica C65B3 TRG (asimilable a antiga ECR-2) de acordo coa norma UNE-EN 13808:2013. 1ª modificación julio 2014 para o Parque Móbil da Deputación provincial de Lugo. expediente: 2024/CON_02/000091, polo prezo unitario de 584,43 euros por tonelada, IVE incluído, e importe máximo total de 625.000,00 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 131.250,00 €, o que fai un total de 756.250,00 €.

2º.- A duración do contrato é de seis meses, con posibilidade de prórroga por outros seis meses. Durante a vixencia do contrato, o adxudicatario estará obrigado a realizar

	IV7SUO7ICBU67SVCUU4GGMCFMI	Fecha y Hora	28/02/2025 12:46:32
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SUO7ICBU67SVCUU4GGMCFMI	Página	9/74



as operacións derivadas do cumprimento do mesmo axustándose aos prazos e lugar de entrega indicados no Prego de prescricións técnicas (PPT).

O prazo comezará a contar a partir do día seguinte ao da subscrición da acta de inicio do contrato, ou no seu defecto unha vez formalizado o contrato, salvo circunstancias excepcionais non previstas, en aplicación do artigo 153 da LCSP.

3º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

4º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

5º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación aos licitadores, sen que se houbera interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparellada a suspensión da formalización.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO INFORME DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN RELATIVO AO RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN 1/2025, RELATIVO AO SUBMINISTRO, EN RÉXIME DE ARRENDAMENTO SEN OPCIÓN A COMPRA, DOS SISTEMAS DE IMPRESIÓN, COPIA E ESCANEADO DE TODA A DEPUTACIÓN DE LUGO E CENTROS VINCULADOS.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Recurso especial en materia de contratación nº: 1/2025.


Emítese informe solicitado polo Tribunal Administrativo de recursos Contractuais da Deputación de Lugo con atención ós seguintes:

Antecedentes de feito.

Para os efectos da emisión do presente informe, constan como antecedentes inmediatos, ademais do expediente administrativo, os seguintes feitos e documentos:

Expediente administrativo, así como as actas referidas ás diferentes mesas de contratación celebradas ata chegar á adxudicación do contrato.

	IV7SUO7ICBU67SVCUU4GGMCFMI	Fecha y Hora	28/02/2025 12:46:32
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SUO7ICBU67SVCUU4GGMCFMI	Página	10/74





Recurso fronte á adxudicación por parte de Bigo Soluciones Informáticas con CIF B27870146, comunicado directamente a este servizo.

Informe da unidade xestora con CSV: IV7VELZPBBWIUTJY2RMBAL3XGE, no que considera preciso iniciar un novo procedemento deixando sen efecto o anterior.

Acordo de desistimento do procedemento de licitación na Xunta de Goberno de data 7 de febreiro de 2025.

Considerando o anterior e visto o contido do recurso entendemos procedente informar:

Lexislación aplicable.

Lei de contratos do sector Público 9/2017 pola que se traspoñen as directivas comunitarias en materia de contratación pública.

Lei 39/2015 do procedemento administrativo común.

A competencia para emisión do informe, corresponde neste caso a Xunta de goberno que actúa como órgano de contratación na aprobación do expediente

Asimesmo, o presente se someterá ó conforme da secretaria xeral a tenor do disposto na disposición Adicional 3ª de la LCSP y del Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, por el que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Consideracións.

A) Dende o punto de vista formal.

Consta a lexitimación da recorrente como licitadora no procedemento e asimesmo como potencial adxudicataria do mesmo.

B) Respecto do fondo.

Dacordo coa documentación obrante no expediente, e vistas as alegacións do recorrente , entendemos que procede a desestimación do recurso por desaparición do seu obxeto , no tanto se produciu o desistimento do procedemento de licitación na Xunta de Goberno do 7 de febreiro de este ano, sendo comunicada esta a todos os licitadores.

Dito acordo de desistimento sinala:

“No presente procedemento, tras realizar tódalas actuacións tendentes á selección da oferta economicamente máis vantaxosa, adxudicouse o contrato. Unha vez notificada a adxudicación, un dos licitadores interpuxo un recurso especial en materia de contratación, que foi remitido ao Tribunal de Recursos desta Deputación.

	IV7SUO7ICBU67SVCUU4GGMCFMI	Fecha y Hora	28/02/2025 12:46:32
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SUO7ICBU67SVCUU4GGMCFMI	Página	11/74



Dado que o licitador tamén remitiu o recurso ao órgano de contratación, solicitouse informe sobre o mesmo á unidade xestora que informou nos seguintes termos:

“Revisadas as fichas técnicas dos equipos de impresión, copia e escaneo aportados polos licitadores dentro do contrato 2024/CON_02/000054 para a contratación da subministración mediante arrendamento sen opción a compra dos equipos de impresión, copia e escaneo da Deputación de Lugo, obsérvase que cada marca e modelo segue diferentes criterios para medir o consumo enerxético do equipo, usando diferentes terminoloxías e medicións. Así, nos modelos de HP, en lugar do termo Consumo enerxético en reposo” a ficha técnica utiliza outros como son “consumo en suspensión” ou “consumo apagado encendido automático”, os modelos Cannon tampouco usan este termo de “en reposo” e nas especificacións técnicas das máquinas Konica tampouco queda claro o valor referido. Desta forma, un criterio que debería ser automático e obxectivo, está suxeito a interpretación polo que xa non se pode valorar de forma automática.

Visto o anterior consideramos que sería preciso anular o anterior procedemento de licitación e iniciar un novo expediente no que os criterios automáticos non den lugar a interpretación.”


Dos termos deste informe pódese inferir que resulta preciso desistir do procedemento co fin de garantir o cumprimento dos principios xerais da contratación previstos no artigo 1 da LCSP 9/2017.

Os meritados principios sentan as bases que permiten que a elección da oferta economicamente máis vantaxosa se faga segundo os criterios de selección preestablecidos de conformidade co disposto no artigo 145.5 b) da LCSP. Polo tanto, cando estes criterios se configuran con carácter automático e aplicables mediante fórmulas, non poden estar suxeitos a interpretación algunha que faga depender a avaliación do xeito de expresar unha característica técnica por cada licitador sen poder tomar como referencia un termo de comparación idéntico e preestablecido entre as ofertas de tódolos licitadores.

Igualmente, compre recordar que tódalas proposicións foron abertas, polo que calquera interpretación tratando de homoxeneizar o criterio, desnaturaliza o carácter automático do discutido criterio, ata facelo depender dun xuízo de valor de xeito sobrevido, reveladas as ofertas, o que resulta proscrito tal e como indica o artigo 146.2 da LCSP e novamente contrario ós principios de concorrencia transparencia e igualdade de trato.

Vistos todos os antecedentes, así como as alegacións que motivaron a emisión do informe polo servizo de novas tecnoloxías, pódese concluir que non procedería recálculo algún de puntuacións que alterase a clasificación con independencia de que manteña ó adxudicatario , ou determine tal condición para un licitador distinto, antes o contrario, vista a expresión variable diversa e dispar que se pode utilizar para a medición de consumos das maquinas, procede o desistimento como consecuencia dunha interpretación conxunta dos artigos 1, 145.5 b) e 146 .2 da LCSP.

	IV7SUO7ICBU67SVCUU4GGMCFMI	Fecha y Hora	28/02/2025 12:46:32
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SUO7ICBU67SVCUU4GGMCFMI	Página	12/74





Deste xeito, e dacordo co disposto no artigo 152.4 da LCSP, resulta axustado a dereito adoptar a decisión de desistir do procedemento, sen prexuízo da inmediata iniciación dun novo procedemento de licitación.”

Considerando o anterior o acto recorrido ten desaparecido por canto estaba en discusión a garantía e respecto ós principios xerais da contratación pública, polo que entendemos que procedería a inadmisión do recurso, tal e como sinalan entre outras as resolucións do TACYL 1/2019, 68/2019, 175/2019, 176/2019 e 188/2019, ou do TACRC nº 1374/2023 nº 590/2023, nº 728/2023 e nº 959/2023 entre outras. Así destacamos o sinalado Na Resolución nº 481/2018:

“A desaparición do obxecto do recurso foi considerada na nosa xurisprudencia como un dos modos de terminación do proceso. Deste xeito, en recursos dirixidos contra resolucións ou actos administrativos, considerouse que desaparecía o seu obxecto cando as circunstancias posteriores lles privaban de eficacia, ata o punto de determinar a desaparición real da controversia. Así o considerou este Tribunal, entre outras, na súa Resolución 581/2015. En virtude diso, ao desistir a Administración do procedemento, o razoable é entender que desaparece o obxecto do recurso especial en materia de contratación. En todo caso, acordado o desistemento dos procedementos de contratación, o que corresponde á Administración é notificar a resolución correspondente ao TACRC, a fin de que acorde os trámites oportunos, previa audiencia dos recorrentes, dirixidos á terminación dos procedementos.”

Por tanto, propónse a Xunta de Goberno a asunción do presente se así o estima oportuno, como informe do órgano de contratación concluíndo:


1º.-Que procedería a inadmisión do recurso pola desaparición sobrevida do seu obxecto, toda vez que se ten acordado o desistemento.

2º.- Dar traslado do presente como informe do órgano de contratación reclamado polo TARCLU , xunto co resto do expediente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA LICITACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.

	IV7SUO7ICBU67SVCUU4GGMCFMI	Fecha y Hora	28/02/2025 12:46:32
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SUO7ICBU67SVCUU4GGMCFMI	Página	13/74



1º.- Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: VILALBA.- Rehabilitación de firme regos con gravilla LU-P-6508 "Vilate (LU-P-6502)- Ribado (LU-P-6503)" PK. 2+000 a 4+861.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: VILALBA.- Rehabilitación de firme regos con gravilla LU-P-6508 "Vilate (LU-P-6502)- Ribado (LU-P-6503)" PK. 2+000 a 4+861, consta no mesmo:

1. Proxecto da obra indicada redactado por D. Héctor Diéguez Aranda.
2. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7VG7R4NMWM5XXM6FWHAEDBMA.
3. Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7VG7R4AFV6VKGD4QETGE2SME.
4. Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7VG7R5JA677OV46FUE6M760M.
5. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7VGC2NLIH57BMKWZWN4QHTCI.
6. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7VGMJDLPXY5VFM6NEWKVLAIQ.
7. Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7VGMJ3JFOSUXH6WRP4OZHVCI.
8. Fiscalización limitada previa do expediente, de conformidade.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico, aos efectos da licitación, relativo á contratación das obras de: VILALBA.- Rehabilitación de firme regos con gravilla LU-P-6508 "Vilate (LU-P-6502)- Ribado (LU-P-6503)" P.K. 2+000 a 4+861, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

	IV7SUO7ICBU67SVCUU4GGMCFMI	Fecha y Hora	28/02/2025 12:46:32
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SUO7ICBU67SVCUU4GGMCFMI	Página	14/74





3º.- Aprobar o gasto, por importe de 68.603,03 €, dos cales 11.906,31€ corresponden ao IVE (21%).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

2º.- *Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: POBRA DO BROLLÓN.- Rehabilitación de firme LU-P-4702 “ Vilachá– Rozabales– Estación de Pobra do Brollón”, P.K. 2+575 a 10+897.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: POBRA DO BROLLÓN.- Rehabilitación de firme LU-P-4702 “Vilachá– Rozabales– Estación de Pobra do Brollón”, P.K. 2+575 a 10+897, consta no mesmo:

1. Proxecto da obra indicada redactado por D. Héctor Diéguez Aranda.
2. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7VG777HRH56SX25RNCEJDFOE.
3. Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7VG774PMBSJWFT4YETAIZXCA.
4. Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7VG774CFFNJRPIQ7QCEYLGOU.
5. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7VGC2YHVM3L2H5QYFXG5JBI4.
6. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7VHTRKPU5YTG5M64FXCRTTCU.
7. Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7VHTRLDINSQTXP2FXAOVAHGU.
8. Fiscalización limitada previa do expediente, de conformidade.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico, aos efectos da licitación, relativo á contratación das obras de: POBRA DO BROLLÓN.- Rehabilitación de firme LU-P-4702 “Vilachá– Rozabales– Estación de Pobra do Brollón”, P.K. 2+575 a 10+897, sometelo a información pública por espazo temporal

	IV7SUO7ICBU67SVCUU4GGMCFMI	Fecha y Hora	28/02/2025 12:46:32
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SUO7ICBU67SVCUU4GGMCFMI	Página	15/74



de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

3º.- Aprobar o gasto, por importe de 466.626,44 €, dos cales 80.984,75 € corresponden ao IVE (21%).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3º.- Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: ANTAS DE ULLA.- Rehabilitación de firme LU-P-0301 “Antas de Ulla (LU-P-1809)- límite provincia de Pontevedra (Rodeiro)” P.K. 3+657 a 6+527.


Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: ANTAS DE ULLA.- Rehabilitación de firme LU-P-0301 “Antas de Ulla (LU-P-1809)- límite provincia de Pontevedra (Rodeiro)” P.K. 3+657 a 6+527, consta no mesmo:

1. Proxecto da obra indicada, con CSV: IV7VG7K3N44K32XNWMVAB5QBAI.
2. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7VG7K3DBPS33V2WT5VEMLQF4.
3. Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7VG7KZJ7ZJRZPL6QXGL3YOE4.
4. Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7VG7KYCENDT5GPS4PF6AIOMI.
5. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7VG7QDN76NYTUL5VYSMHTXGU.
6. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7VGMJCFHIST6PSMQECQHFF4.
7. Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7VGMJYLFG6VRE22UFHG4QAGE.
8. Fiscalización limitada previa do expediente, de conformidade.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

	IV7SUO7ICBU67SVCUU4GGMCFMI	Fecha y Hora	28/02/2025 12:46:32
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SUO7ICBU67SVCUU4GGMCFMI	Página	16/74





Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico, aos efectos da licitación, relativo á contratación das obras de: ANTAS DE ULLA.- Rehabilitación de firme LU-P-0301 “Antas de Ulla (LU-P-1809)- límite provincia de Pontevedra (Rodeiro)” P.K. 3+657 a 6+527, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

3º.- Aprobar o gasto, por importe de 152.181,89 €, dos cales 26.411,73 € corresponden ao IVE (21%).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.

1º.- Proposta de adxudicación, se procede, da contratación da obra: PORTOMARÍN.- Rehabilitación de firme con gravilla LU-P-4901 “Camporredondo (N-540)- Nespereira-Castromaior (LU-633A)” P.K. 0+000 a 2+022.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 14/02/2025, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“(…)

1.- PORTOMARÍN.- Rehabilitación de firme con gravilla LU-P-4901 “Camporredondo (N-540)- Nespereira- Castromaior (LU-633A)” P.K. 0+000 a 2+022.

	IV7SUO7ICBU67SVCUU4GGMCFMI	Fecha y Hora	28/02/2025 12:46:32
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SUO7ICBU67SVCUU4GGMCFMI	Página	17/74



protección de datos e, en particular, co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Así mesmo, os datos persoais dos representantes facilitados polas partes (datos de identificación, de contacto, profesionais e de representación ou apoderamento) así como no seu caso os dos representantes designados na Comisión Mixta de Seguimento, serán tratados exclusivamente coa finalidade de formalizar e executar o presente convenio, e de cumprir coas misións de interese público ou poderes públicos conferidos legalmente ás partes, sobre a base do disposto no artigo 6.1e) RGPD


Décimo terceira.- Carácter do convenio de cooperación.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “ Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adjudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

	IV7SUO7ICBU67SVCUU4GGMCFMI	Fecha y Hora	28/02/2025 12:46:32
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SUO7ICBU67SVCUU4GGMCFMI	Página	61/74



As partes comprométense a resolver de xeito amizoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

Nestes supostos de cooperación entre Administracións Públicas, con contraprestacións entre as mesmas non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, no 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro (artigos 47 e seguintes) e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso - administrativa.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente convenio do que como secretario dou fe.”

2º.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 137.819,12 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACEPTACIÓN DA RENUNCIA DUNHA SUBVENCIÓN DIRECTA EXCEPCIONAL PARA A FINANCIACIÓN DA ACTUACIÓN DENOMINADA “FORMACIÓN SEMIPRESENCIAL Y DIGITALIZACIÓN DE CONTENIDOS” NA ANUALIDADE 2024.


Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Tendo en conta que por acordo da Xunta de Goberno, de data 23 de agosto de 2024, aprobouse o convenio que canaliza a subvención directa excepcional outorgada, por importe de 35.000€, a favor da beneficiaria, “Asociación Provincial de Reparación y Venta de Automóviles y Recambios (APREVAR)” co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Formación semipresencial y digitalización de contenidos”, na anualidade do 2024.

Tendo en conta que o Convenio que canaliza a subvención foi asinado pola Deputación Provincial de Lugo e á “Asociación Provincial de Reparación y Venta de Automóviles y Recambios (APREVAR)” o 27 de agosto de 2024.

Tendo en conta que na cláusula Primeira do convenio contemplase a posibilidade de que a Deputación Provincial de Lugo realice aboamento anticipado de ata o 30% sobre o importe total subvencionado, é dicir, 10.500 €, con dispensa de garantía,

	IV7SUO7ICBU67SVCUU4GGMCFMI	Fecha y Hora	28/02/2025 12:46:32
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SUO7ICBU67SVCUU4GGMCFMI	Página	62/74





tendo en conta a solicitude da Entidade beneficiaria que obra no expediente, previa achega da seguinte documentación: solicitude do anticipo, documento bancario no que se indique o número de conta no para o abono do correspondente anticipo, detalle do nivel de execución do gasto o cal deberá ser acreditado mediante a achega de facturas ou documentos de valor probatorio no tráfico mercantil ou con eficacia administrativa.

Tendo en conta que a entidade beneficiaria, “Asociación Provincial de Reparación y Venta de Automóviles y Recambios (APREVAR)”, non presentou a documentación para o aboamento do anticipo, polo que non recibiu anticipo ningún.

Tendo en conta que a cláusula sétima do convenio establece que o prazo inicialmente previsto para que a beneficiaria remita a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada abarca ata o 31 de marzo de 2025.

Considerando que o 12 de febreiro de 2025, con núm. de rexistro de entrada 2025RT002218, Luis Abelleria Mayor, na súa condición de representante da entidade beneficiaria presenta escrito de renuncia á subvención excepcional outorgada na anualidade 2024, motivando tal feito en que o proxecto é innovador no sector e principalmente dirixido a pequenas empresas e que xurdiron dificultades que impediron executar o proxecto no prazo establecido.

Tendo en conta que a renuncia realizouse por un medio que permite a súa constancia e incorpora a firma do representante da entidade.


Considerando que a tenor do deducido no expediente, non se da un interese xeral nin é conveniente sustanciar a cuestión para a súa definición ou esclarecemento.

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aceptar á renuncia da subvención directa excepcional outorgada, por importe de 35.000 €, a favor da beneficiaria, “Asociación Provincial de Reparación y Venta de Automóviles y Recambios (APREVAR)” na anualidade 2024 e concluír o procedemento tendo en conta ca entidade non recibiu cantidade ningunha en concepto de subvención.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

	IV7SUO7ICBU67SVCUU4GGMCFMI	Fecha y Hora	28/02/2025 12:46:32
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SUO7ICBU67SVCUU4GGMCFMI	Página	63/74



9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO INICIO DO PROCEDEMENTO DE DECLARACIÓN DE PERDA DE DEREITO E APERTURA DE TRÁMITE DE AUDIENCIA DE SUBVENCIONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2024

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia do seguinte teor:

“Vista a documentación obrante no expediente.

Visto o informe emitido polo Servizo de Deportes, do seguinte teor:

Informe relativo á inicio do procedemento de declaración de perda de dereito e apertura de trámite de audiencia.

En relación á subvención concedida por importe de mil douscentos trinta e cinco euros (1.235,00 €), ao Club Ciclista “San Miguel” con CIF: G27115617 para ciclismo; mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 28 de xuño de 2024, polo que se resolve o concurso de subvencions destinadas a actividades deportivas realizadas por entidades deportivas, ano 2024, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 058 do sábado 09 de marzo de 2024, emite o seguinte, informe:

Primeiro.- Que o Club Ciclista “San Miguel” presentou na sede electrónica da Deputación Provincial con data 20/01/2025 11:11:43 e numero de expediente 2025/PES_03/001053 a conta xustificativa da subvención do procedemento de concorrencia competitiva, anualidade 2024, concedida para ciclismo, por acordo da Xunta de Goberno de data 28 de xuño de 2024.

Segundo.- Que de acordo co sinalado no punto 11º das Bases reguladoras do concurso de subvencions destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva na anualidade 2024, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial de Lugo do día 01 de marzo de 2024, entre a documentación esixida nas xustificacións de aboamento das subvencions atópanse:

Anexo I: Instancia de conta xustificativa.


Anexo II: Memoria de actuación xustificativa (conta xustificativa) sobre cumprimento das condicións que orixinaron a concesión da subvención, con indicación da duración da actividade e dos resultados obtidos.

Cadro de importes de financiamento.

Declaración do custo total da actividade subvencionada.

Cadro de orzamento inicial e custo total e declaración relativa á desviación producida.

	IV7SUO7ICBU67SVCUU4GGMCFMI	Fecha y Hora	28/02/2025 12:46:32
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SUO7ICBU67SVCUU4GGMCFMI	Página	64/74





Anexo III: Declaración responsable relativa a:

Relación detallada das subvencións/ axudas ou patrocinios (con ou sen achega económica) obtidos doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou actividade ou, se é o caso, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade.

I. Que a actividade obxecto da subvención ou axuda económica, foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión.

II. Que a entidade beneficiaria non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

III. Que a entidade beneficiaria se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, impostas polas disposicións vixentes.

IV. Autorización ou non do representante legal da entidade para que a Deputación poida solicitar - fronte aos organismos correspondentes - os certificados de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (Axencia Tributaria Estatal, Facenda autonómica, Servizo de Recadación Provincial e a Seguridade Social).

V. Que o beneficiario ao que represento:

Asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)” dos gastos derivados da execución da actuación subvencionada, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

Non asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)” dos gastos derivados da execución da actuación subvencionada, por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

VI. Que a execución da devandita actuación foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo e que, este extremo, se inseriu na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade subvencionada.

VII. Que os gastos subvencionables nos que incorreu nas súas operacións comerciais foron aboados nos prazos de pago previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, no seu defecto, nos establecidos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.


VIII. Que se deu cumprimento ao establecido no artigo 31.3 da LXS.

Anexo IV: (actividade competitiva/eventos).

Declaración responsable de relación clasificada de gastos e imputación de gastos da actuación subvencionada (custo total da actividade), con identificación do acredor e documento, importe, data de emisión, data de pagamento, descrición do gasto, así como as contías dos gastos imputados á subvención concedida.

No caso de relacionarse nóminas, deberán vir desglosadas, indicando salario líquido, Seguridade Social e IRPF.

	IV7SUO7ICBU67SVCUU4GGMCFMI	Fecha y Hora	28/02/2025 12:46:32
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SUO7ICBU67SVCUU4GGMCFMI	Página	65/74



Outra documentación.

Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa (xustificantes de gasto), incorporadas na relación clasificada de gastos e que se afecten á Deputación. Ao respecto:

Deberán achegarse todos os xustificantes de gasto que superen individualmente o 25% do importe da subvención concedida.

Do resto xustificantes de gasto, deberá achegarse unha mostra que supoña a seguinte porcentaxe en función do número dos mesmos:

Cando o número de xustificantes de gasto sexa menor ou igual a 10, deberá aportarse unha mostra dos mesmos que supoña o 10 % do importe da subvención concedida.

Cando o número de xustificantes de gasto sexa entre 11 e 30, deberá aportarse unha mostra dos mesmos que supoña o 5 % do importe da subvención concedida.

Cando o número de xustificantes de gasto sexa superior a 30, deberá aportarse unha mostra dos mesmos que supoña o 2 % do importe da subvención concedida.

No suposto de que o importe total dos xustificantes de gasto que superen individualmente o 25% do importe da subvención concedida acade o importe total subvencionado non será necesario aportar ningunha mostra das sinaladas.

No relativo aos gastos de combustible, as facturas de gasto deberán reflectir expresamente a matrícula do vehículo propiedade do club ou entidade deportiva.

Acreditación do pago das facturas ou documentos anteriores: o pago das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, deberá realizarse antes da finalización do prazo de xustificación da presente subvención, tendo en conta que segundo o establecido no artigo 18 de la Ley 11/2021, de 9 de xullo, pola que se establecen normas contra as prácticas de elusión fiscal que inciden directamente no funcionamento do mercado interior, de modificación de diversas normas tributarias e en materia de regulación do xogo, non poderán aboarse en efectivo as operacións nas que algunha das partes intervinientes actúe en calidade de empresario ou profesional con importe igual ou superior a 1.000,00 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira.


A efectos de cálculo da contía sinalada, sumaranse os importes de todas as operacións ou pagos en que se puido fraccionar a entrega de bens ou a prestación de servizos. Entenderase por efectivo os medios de pago definidos no artigo 34.3 da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención de branqueo de capitais e de financiamento do terrorismo, é dicir, o papel moeda e a moeda metálica, nacional ou estranxeira; os cheques bancarios ao portador denominados en calquera moeda e calquera outro medio físico, incluídos os electrónicos, concebidos para ser utilizados como medios de pago ao portador.

Cando unha factura ou documento de valor probatorio equivalente se aboe en efectivo, deberá constar na mesma a expresión “Recibín en efectivo na data _____”, asinado polo receptor, con identificación do mesmo (DNI, nome e apelidos).

Soamente terán que presentarse os xustificantes de pago das facturas que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.

Respecto ao contido das facturas: éstas deberán recoller o establecido nos artigos 6 e 7 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento

	IV7SUO7ICBU67SVCUU4GGMCFMI	Fecha y Hora	28/02/2025 12:46:32
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SUO7ICBU67SVCUU4GGMCFMI	Página	66/74





polo que se regulan as obrigas de facturación. (aplicarase a normativa vixente en cada momento).

A documentación obtida por banca electrónica (descargas de banca en liña) debe estar debidamente acreditada pola entidade bancaria correspondente nos casos en que o órgano xestor así o requira.

Achegar as ofertas (solicitadas en base ao establecido no artigo 31.3 da LXS) que engloben as facturas que se afectan á Deputación (mostraxe), salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades coas que contratar ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas se realizará conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica mais vantaxosa. (Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público para o contrato menor (15.000,00 € -sen IVE- en servizos e subministracións).

Certificados de estaren ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias (Axencia Tributaria Estatal, Facenda autonómica e Servizo de Recadación Provincial) ou fronte á Seguridade Social. (De non constar autorización á Deputación para solicitalos e para importes superiores a 3.000,00 euros).

O centro xestor deberá achegar xunto coa documentación xustificativa remitida pola entidade beneficiaria, os certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social (cando conste autorización á deputación para solicitalos e para importes de subvencións superiores a 3.000,00 euros). Non obstante, se é o caso, terase en conta o artigo 24.4 do R.D. 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, segundo o cal poderán acollerse á simplificación da acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social aquelas subvencións nas que a súa contía a outorgar a cada beneficiario non supere na convocatoria o importe de 3.000 euros.

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o numero de conta na que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.

No seu caso, acreditación da titularidade do vehículo propiedade do club ou entidade deportiva.

	IV7SUO7ICBU67SVCUU4GGMCFMI	Fecha y Hora	28/02/2025 12:46:32
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SUO7ICBU67SVCUU4GGMCFMI	Página	67/74



No seu caso, declaración responsable de que os gastos de combustible de vehículo de titularidade acreditada da entidade solicitante, foron utilizados expresamente para o transporte dos elementos ou aparellos imprescindíbeis para a práctica da correspondente disciplina deportiva.

Terceiro.- Que revisada a documentación xustificativa, con data 03/02/2025 14:12:00 e número de rexistro de saída 2025RPS001338, e de acordo co previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, formulouse requirimento de emenda de conta xustificativa, para que a entidade beneficiaria no prazo de 10 días, a contar dende o día seguinte a recepción do referido requirimento, emendase e/ou presentase a seguinte documentación:

Anexo IV. Relación clasificada e imputación de gastos.

No anexo non se relacionan as licenzas dos deportistas polo que non se acredita a realización da actividade competitiva. Deberá relacionar as facturas de licenzas.

A factura de One.com non está a nome do beneficiario polo que non pode ser incluída na relación de gastos. Logo de emendar a relación de gastos deberá emendar o custo total, o anexo I, e o anexo II, puntos II e III.

Nas columnas de imputación (porcentaxe e importe) soamente deberá indicar facturas polo importe da subvención concedida.

Anexo I. Instancia.

A denominación da actividade é incorrecta (ciclismo)

A cantidade solicitada é incorrecta (1425,00 €)

Logo de modificar a relación de gastos deberá emendar o custo total.

Anexo II. Memoria xustificativa.

A denominación da actividade é incorrecta (ciclismo)

Características: debe indicar as categorías nas que compite

Destinatarios: debe indicar o numero de deportistas

Descrición das actividades realizadas: debe indicar as competicións de carácter federado nas que participaron

Nivel de logros: debe indicar os resultados deportivos.

Cadro de financiamento:

Logo de emendar a relación de gastos deberá modificar os puntos II e III.

Punto III:

O orzamento indicado é incorrecto (1.500,00 €).


Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o numero de conta na que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.

Certificado da federación relativo ás probas de carácter federado e competitivas nas que participaron.

O documento de Zambora SC de data 18/07/2024 de 3.802,10 € é unha factura proforma, deberá ser factura.

Dita factura non indica o numero de unidades nin os prezos unitarios.

	IV7SUO7ICBU67SVCUU4GGMCFMI	Fecha y Hora	28/02/2025 12:46:32
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SUO7ICBU67SVCUU4GGMCFMI	Página	68/74





Cuarto.- Visto que consta recepción electrónica do requirimento da conta xustificativa asinada por parte do beneficiario de data 03/02/2025 20:58:36.

Quinto.- Que con data 11/02/2025 18:02:39 e número de expediente 2025/PES_03/001053, e por tanto dentro do prazo de 10 días previsto no referido requirimento, a entidade Club Ciclista "San Miguel" presentou documentación relativa ao requirimento de emenda de conta xustificativa formulado.

Sexto.- Que revisada a documentación presentada pola entidade Club Ciclista "San Miguel" detectase que presenta un certificado da Federación Galega de ciclismo no que indica que o referido club participou na tempada 2024 en probas de carácter no competitivo incluídas nos calendarios oficiais da Federación Galega e Real Federación Española de Ciclismo, e relaciona as seguintes probas: XI Btt Eurocida BTT, Desafío Lagos Covadonga, VII Desafío San Miguel e II Desafío Cerne, todas elas da categoría cicloturismo.

Sétimo.- Tendo en conta o punto 1 das bases reguladoras, de definición do obxecto da subvención:


A. Liña de axudas á actividade competitiva federada.

Axudas destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo (enténdase con sede e /ou delegación na provincia) que desenvolvan a súa participación en competicións organizadas polas respectivas federacións deportivas oficiais das disciplinas deportivas recoñecidas oficialmente polo Consello Superior de Deportes de acordo coa listaxe que se relaciona no Anexo A destas bases e cuxa finalidade é promover os valores do deporte dende a base e que desenvolvan a actividade competitiva e deportiva para a que solicitan a axuda na provincia de Lugo, sen prexuízo, no seu caso, da respectiva estrutura e distribución xeográfico-deportiva de cada unha das distintas categorías, campionatos e competicións de cadansúa federación deportiva.

Tendo en conta o punto 3 das bases reguladoras, de requisitos que deberán reunir os beneficiarios:

Poderán solicitar axudas para as accións ou actividades ás que fai referencia o punto A das finalidades (actividade competitiva) todas aquelas entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo (enténdase con sede na provincia de Lugo) cuxa actividade sexa a participación en competicións organizadas polas federacións deportivas oficiais das disciplinas deportivas recoñecidas oficialmente polo Consello Superior de Deportes de acordo coa listaxe que se relaciona no Anexo A destas bases, que estean inscritas

	IV7SUO7ICBU67SVCUU4GGMCFMI	Fecha y Hora	28/02/2025 12:46:32
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SUO7ICBU67SVCUU4GGMCFMI	Página	69/74



na correspondente competición oficial, desenvolvan a actividade competitiva e deportiva e cuxa finalidade é promover os valores do deporte dende a base.

Visto que ao abeiro das bases da convocatoria se procedeu ao tramite de requirimento da conta xustificativa previsto no punto 12º, no que se advertía que a falta de presentación de xustificación neste prazo adicional levará consigo a perda do dereito ao cobro total da subvención e, tamén ao reintegro da contía anticipada e a esixencia do xuro de mora correspondente dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, de conformidade con canto se establece na Ordenanza Xeral de subvencións desta Deputación, no artigo 34.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no artigo 31.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia.

Visto o regulado no artigo 89 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no que se sinala que se producirá a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da Lei xeral de Subvencións, e así mesmo que o procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito ao cobro da subvención será o menos que para o de reintegro de subvención, establecido no artigo 42 da Lei xeral de Subvencións, e o previsto no artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.


Visto o previsto na base 12. Prazos de xustificación das bases da convocatoria para a concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2024, na que se prevé que na declaración de perda de dereito ou ben o reintegro das cantidades percibidas deberá tramitarse o correspondente procedemento con audiencia do interesado.

Por todo o exposto, e a xuízo do informante, cumpridos os trámites previstos, procede tramitar o inicio do procedemento de declaración de perda de dereito e apertura de trámite de audiencia en relación ao cobro total da subvención concedida a Club Ciclista "San Miguel" por importe de mil douscentos trinta e cinco euros (1235,00 €) para ciclismo, mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 28 de xuño de 2024, polo que se resolve o concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva na anualidade 2024, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 058 do sábado 09 de marzo de 2024.

O Deputado Delegado que subscribe, propón á Xunta de Goberno, a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Iniciar o procedemento de declaración de perda de dereito e apertura de trámite de audiencia da subvención concedida mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 28 de xuño de 2024, polo cal se resolve o

	IV7SUO7ICBU67SVCUU4GGMCFMI	Fecha y Hora	28/02/2025 12:46:32
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SUO7ICBU67SVCUU4GGMCFMI	Página	70/74





concurso de subvencions destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2024, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 058 do sábado 09 de marzo de 2024.

2º.- En cumprimento do antedito, do regulado no art. 89 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencions e do previsto no artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, notificar ao beneficiario Club Ciclista "San Miguel", o inicio do procedemento de declaración de perda de dereito ao cobramento a beneficiarios de subvencions destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2024, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, de data 28 de xuño de 2024 e a apertura do respectivo trámite de audiencia, para que no prazo de dez (10) días poida alegar e presentar os documentos e as xustificacions que considere pertinentes, ou no seu caso, antes do vencemento do prazo, manifestación da súa decisión de non efectuar alegacions nin presentar novos documentos ou xustificacions."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobacion á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE XUBILACION POR INCAPACIDADE PERMANENTE NO GRADO DE TOTAL DUN RESTAURADOR CONSERVADOR ARQUIVO, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:


"Visto que o Instituto Nacional da Seguridade Social, en escrito de data 11 de febreiro de 2025 informa que:

"O Instituto Nacional da Seguridade Social informa que: con data 11-02-2025, resolveu recoñecer unha incapacidade permanente no grao total a D. Alfonso Rodríguez Castro con NAF 27-10007901-76 traballador da súa empresa. Informase que a prestación de Incapacidade Permanente ten data de efectos económicos 10-02-2025.

Non se prevé que a situación de incapacidade vaia a ser obxecto de revisión por melloría, que permita a reincorporación ao posto de traballo antes de dous anos".

Tendo en conta as consideracions legais e técnicas que se formulan no informe do Servizo de Recursos Humanos, que sinala textualmente:

	IV7SUO7ICBU67SVCUU4GGMCFMI	Fecha y Hora	28/02/2025 12:46:32
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SUO7ICBU67SVCUU4GGMCFMI	Página	71/74



“Tendo en conta que don Alfonso Rodríguez Castro, Restaurador Conservador Arquivo do cadro de persoal funcionario, viña prestando servizos a esta Entidade, atopándose en situación de Incapacidade Temporal.”

O artigo 194 do Real Decreto Legislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, establece os distintos graos de invalidez, e que, a falta doutra regulación, enténdese que a incapacidade permanente total para todo traballo é aquela “(...) que inhabilite por completo ao traballador para a realización de todas ou das fundamentais tarefas de dita profesión, sempre que poida dedicarse a outra distinta”.

A Resolución do INSS, como sinalamos, establece literalmente:

“Non se prevé que a situación de incapacidade vaia a ser obxecto de revisión por melloría, que permita a reincorporación ao posto de traballo antes de dous anos”.

Considerando que o artigo 139 do Real Decreto Legislativo 781/86 do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, establece que a xubilación dos funcionarios terá lugar (...) "b) De oficio ou a petición do interesado, por incapacidade permanente para o exercicio das súas funcións”.

Considerando, así mesmo, o establecido no artigo 67.1 c) do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, que sinala:

“Xubilación.


A xubilación dos funcionarios poderá ser:

c) Pola declaración de incapacidade permanente para o exercicio das funcións propias do seu corpo ou escala, ou polo recoñecemento dunha pensión de incapacidade permanente absoluta ou, incapacidade permanente total en relación co exercicio das funcións do seu corpo ou escala”.

Á vista do sinalado e dos informes dos servizos, na miña condición de Deputada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, propono que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 202, de 3 de setembro 2020), a Xunta de Goberno adopte o seguinte acordo:

Declarar a xubilación por Incapacidade Permanente, no Grao de Total, de Don Alfonso Rodríguez Castro con efectos económicos do día 10 de febreiro de 2025, data á que se retrotraen os efectos económicos da pensión de invalidez recoñecida ao traballador e á que se liquidarán os dereitos e obrigas que deriven da relación funcional con esta Entidade.”

	IV7SUO7ICBU67SVCUU4GGMCFMI	Fecha y Hora	28/02/2025 12:46:32
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SUO7ICBU67SVCUU4GGMCFMI	Página	72/74





A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- CONTA E CUMPRIMENTO DA SENTENZA Nº 616.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“No Procedemento Ordinario 163/2023 seguido a instancia da Deputación Provincial de Lugo fronte á resolución de data 10 de xaneiro de 2023 do Ministerio de Transportes, Movilidade e Axenda Urbana, por la que se desestimaba o recurso de alzada interposto contra a Resolución de data 15-11-2022 do Instituto Xeográfico Nacional pola que se establecen as denominacións oficiais da Ría na que desemboca o río Eo, a Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid ditou a Sentenza nº 616, de data 8 de novembro de 2024, cuxo fallo é o seguinte:

“1.- Desestimar el recurso contencioso-administrativo 163/23, interpuesto por el Letrado de la Diputación Provincial de Lugo contra la Resolución de 10 de enero de 2023 del Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana (Subsecretaría), por la que se desestima el recurso de alzada interpuesto por, entre otros, la Diputación Provincial De Lugo, contra la Resolución de 15-11-22 del Instituto Geográfico Nacional por la que se establecen las denominaciones oficiales de la Ría en que desemboca el río Eo, actuación administrativa que en consecuencia se confirma en tanto que conforme a Derecho.

2.- Sin pronunciamiento alguno en las costas del presente recurso”.

Mediante Decreto de data 29 de xaneiro de 2025 declarouse a firmeza da devandita Sentenza.


Visto o anterior, á Xunta de Goberno propónse a adopción do seguinte acordo:

1º.- Darse por enterada da devandita Sentenza nº 616, do 8 de novembro do 2024, ditada pola Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid no Procedemento Ordinario nº 163/2023.

2º.- Levar a debido efecto e practicar o que esixa o cumprimento da devandita Sentenza.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

	IV7SUO7ICBU67SVCUU4GGMCFMI	Fecha y Hora	28/02/2025 12:46:32
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SUO7ICBU67SVCUU4GGMCFMI	Página	73/74



12.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

13.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores/as deputados/as.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e quince minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,

	IV7SUO7ICBU67SVCUU4GGMCFMI	Fecha y Hora	28/02/2025 12:46:32
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SUO7ICBU67SVCUU4GGMCFMI	Página	74/74

